

# 2009

MEMORIA\*\*\*\*\*  
\*\*\*\*\*

INFORME DO REITOR\*\*\*\*\*  
\*\*\*\*\* UNIVERSIDADE  
AO CLAUSTRO\*\*\*\*\* DA CORUÑA  
\*\*\*\*\*

## Prólogo

Nun incómodo e preocupante clima de recortes orzamentarios nos fondos destinados ás universidades, o aspecto máis salientable da xestión da UDC en 2009 foi o intenso traballo de centros e departamentos para cumprir os prazos da adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior. En particular, polo seu alcance e complexidade, o esforzo para transformar as antigas e clásicas titulacións nos novos graos oficiais, segundo as directrices do Ministerio e da Consellería de Educación.

Os resultados dese traballo en común entre o equipo de goberno e os centros e departamentos reflíctense na incorporación de 24 novos graos á nosa oferta educativa, en tanto os restantes substituirán as titulacións pendentes cando comece o vindeiro curso 2010-2011. Do mesmo xeito, son xa 40 (8 máis que en 2008) os mestrados consolidados neste segundo paso da estrutura de titulacións adoptada polo sistema universitario español.

No período de transición, este informe de xestión “engorda” as súas páxinas ao coincidir temporalmente as vellas titulacións en extinción coas novas que as están a substituír desde 2008.

Nas páxinas que seguen reflíctense non só, os principais datos e valoracións sobre a xestión do Consello de Dirección nas distintas áreas de goberno, senón tamén aqueles outros indicadores ou informacións de interese sobre a actividade cotiá da comunidade universitaria en ámbitos como a investigación ou a transferencia de coñecemento, por poñer só un par de exemplos.

Melloramos e ampliamos a información sobre os perfís dos membros da comunidade universitaria incorporando nas táboas desagregacións por sexo. Unha radiografía máis completa dos colectivos que estudan ou traballan nos nosos campus permitirá un traballo máis eficaz en todas as políticas relacionadas coa igualdade de xénero.

Presentámoslle á consideración do Claustro unha ampla síntese das actividades docentes, investigadoras, culturais e de relación co noso contorno social e económico desenvoltas ao longo do ano pola Universidade da Coruña. En coherencia co noso comprometido criterio de transparencia, este informe de xestión quedará tamén ao dispor de toda a sociedade, con acceso aberto no sitio institucional da UDC na Rede.

**José María Barja**  
Reitor